



Concello  
de Pontevedra

# Mañá será outro día

---

PASEO SOBRE A LITERATURA  
E O EXILIO EN PONTEVEDRA

---



“**Mañá será outro día. Literatura e exilio en Pontevedra**” forma parte do proxecto do Concello de Pontevedra, [Pontevedra \(d\)escrita](#), que quere dar a coñecer a Pontevedra literaria como un espazo vivo. Así, pretende rachar coas visións monolíticas da literatura e visibilizar a diversidade de voces da Boa Vila.

Deseñado no ano 2025 por [Maos Innovación Social, S. Coop. Galega](#), este paseo ofrece unha visión global sobre a **relación entre a literatura, o exilio e Pontevedra**. Como Castelao desde Buenos Aires, pousaremos o noso pensamento na cidade e visitaremos oito espazos, deixando marxe á esperanza, como el mesmo fai coa frase con que pecha ‘Sempre en Galiza’: Mañán será outro día. E é que, a pesar das atrocidades sufridas, **o exilio non calou e a literatura foi unha das súas ferramentas máis poderosas**. Aparecerán no noso camiño nomes como os de Xosé Sesto, Ramón de Valenzuela, Josefina Arruti, Osorio-Tafall ou Paz-Andrade.

1. Praza de España.	3
2. IES Valle-Inclán. Gran Vía de Montero Ríos.	5
3. Casa de Arturo Souto. Rúa Michelena, 11.	6
4. Casa de Castelao e Virxinia. Rúa Oliva, 8.	8
5. Farmacia Maquieira e libraría Cao. Rúa Peregrina, 1 e Peregrina, 3.	10
6. Casa de Josefina e Bibiano e Garda Cívica. Rúa Benito Corbal, 13.	12
7. Igrexa de San Francisco.	14
8. Local do Partido Galeguista, xuventudes e A Nosa Terra. Rúa Tetuán, 2.	16



## I. Praza de España.

Bo día, benvides ao paseo 'Mañá será outro día', actividade desenvolvida dentro do proxecto 'Pontevedra (d)escrita'. A través de oito paradas poremos en relación a literatura e o exilio causado en Pontevedra polo golpe de Estado de 1936. Literatura, exilio e Pontevedra; son tres palabras xigantes para un pequeno paseo. Para quen queira afondar nelas, recomendamos as obras de **Ana Acuña, Xosé Álvarez Castro, Montse Fajardo** ou **Xosé Fortes**, sen as cales este paseo non sería posíbel.

Propomos pasear da man da imaxinación, como fixo Castelao na súa carta 'Meu Pontevedra', na cal, desde o exilio, pousa os seus pensamentos na beira do Lérez xa que non pode facelo en persoa. Coa imaxinación pousemos nós tamén entre os anos 30 e 50, e sigamos o ronsel da literatura.

Antes poñamos contexto, moi resumido: **Eleccións de febreiro de 1936**, a Frente Popular gaña en tres das provincias galegas e os movementos sociais de esquerda e galeguistas teñen grande presenza no país. Apróbbase, ademais, o **estatuto de autonomía** o 28 de xuño. Parte do exército dá un falido **golpe de Estado** o 18 de xullo e Galiza cae rápido do lado golpista. Pontevedra faino o día 20. O fascismo aplica unha represión atroz para "domar" unha retagarda onde non tiña grande apoio popular, mais si a forza das armas. En Galiza calcúlase que a represión acabou coa vida dunhas 5 mil persoas. En Pontevedra, de pouco máis de 30 mil habitantes, nos anos da guerra foron asasinadas ao redor de 67 persoas e máis de 200 foron encarceradas, sancionadas, procesadas ou depuradas, e serían moitas máis se incluimos as rapadas, agredidas e torturadas. A nivel galego calcúlase que ao exilio foron máis de 2 mil persoas até o 39, con América como destino preferido.

As cifras, como as palabras, son xigantes, mais hoxe deixemos marxe á esperanza, como o propio Castelao fai coa frase final do seu libro 'Sempre en Galiza: "Mañán será outro día"'. E é que, a pesar das atrocidades sufridas, **o exilio non calou e a literatura foi unha das súas ferramentas máis poderosas**. A pesar das patrullas de voluntarios que defenden na cidade a República, o 20 de xullo o exército gáña para o bando golpista. Un canón dispara contra o concello e é aquí onde primeiro se le o bando de guerra.

A terríbel represión posterior verémola reflectida na literatura e na arte. O creador e activista pontevedrés Xosé Sesto dedicará un poema a Alexandre Bóveda, fusilado o 17 de agosto, con quen estivo nas súas últimas horas. Sesto militou na Dereita Galeguista, o que talvez o salvou da represión inicial. Aínda así, marcha en 1955 para Venezuela, onde falece. Despedimos esta parada cos seus versos para Bóveda:



*Os ollos un espello  
Pontevedra a se fitar neles namorada  
en salaios de aceno derradeiro  
fai o pranto da patria  
alí na outura de alba na Caeira  
Alexandre está ergueito  
diante da cruz dun pino pondaliano  
non é o cadro  
para se dependurar nalgún museo  
con discurso oficial e himno galego  
calquera intre  
é soamente sinxela sementeira  
logo será  
o balbordo ledó e terríbel  
de milleiros e milleiros e milleiros  
de vivas fouces  
para unha triunfal e farturenta  
cantiga de seitura*

Avancemos agora para o Instituto Nacional de 2ª Enseñanza de Pontevedra.



## 2. IES Valle-Inclán. Gran Vía de Montero Ríos.

Nos anos 30 Pontevedra era unha pequena capital de provincia cun núcleo de funcionariado e comerciantes. A vida centrábase na zona vella e na área próxima a ela do ensanche. Eran cafés concorridos o Moderno, o Méndez Núñez ou o Savoy. Había cinema no Principal e no Ideal Cinema e o único Instituto tiña novo edificio, este, inaugurado en 1927. Antes estivera naquel edificio, o da Escola Normal. Ese outro edificio foi usado no 36 como cárcere, nel estivo, por exemplo, Bóveda, e hoxe pertence á Deputación. Castelao xa fora mestre alí.

Á parte do de **Castelao**, vemos nomes como os de **Losada Diéguez**, **Bibiano Fernández Osorio-Tafall**, de quen falaremos máis adiante, ou **Filgueira Valverde**. Conviven na lista nomes do galeguismo de esquerdas e de dereitas, con outros, como Tomás Abeigón Pazos, monárquico de dereitas, alcalde a comezos do 36 e que formará parte da Garda Cívica, responsábel de boa parte da represión franquista. Iso si, antes do 36 compartía espazos con Castelao ou Losada Diéguez no seu día a día. Falaremos disto máis adiante.

Xa citamos un alumno deste centro, **Xosé Sesto**, outros foron membros da Garda Cívica e exerceron, por exemplo, a represión sobre a familia do seu antigo profesor, Bibiano, que tamén fora alcalde no 36, substituíndo precisamente ao Tomás que mencionamos antes. Por certo, durante rexistros na súa casa familiar requisáronlle libros que acabaron na biblioteca deste centro. A esa casa familiar iremos hoxe.

Desde aquí talvez poderíamos escoitar durante a guerra os altofalantes situados nas rúas aos que se refire a novela O encargo do señor Castelao (2016), de Luís Rei Núñez,

*Seica a emisora local, EAJ 40-Radio Pontevedra, emite agora desde o goberno civil da capital, a carón mesmo do instituto onde el impartiu, e seu fillo recibiu, aulas. A emisora do medo multiplica os partes con altofalantes en lugares estratégicos, coma a fachada do café Méndez Núñez, fronte á igrexa da Peregrina e a só catro portais da que foi a súa casa.*

Antes de marchar para a Arxentina, **Laxeiro** foi en 1940 profesor de plástica neste instituto, é a época en que pintou no Café Moderno o mural O manancial da vida (1941). Nese mesmo ano 40, outro pintor, o exiliado pontevedrés Arturo Souto trasládase a Nova York, ao mesmo tempo que de alí sae Castelao con dirección Buenos Aires.

Xa que falamos de Arturo Souto, vaíamos á súa casa, á rúa Michelena 11.



### 3. Casa de Arturo Souto. Rúa Michelena, 11.

Esta foi a casa natal do pintor **Arturo Souto**. O 18 de xullo colleuno en Madrid. Alí participa na propaganda republicana con debuxos e carteis. Fixo en 1937 un álbum de debuxos da guerra denunciando a represión fascista. Castelao tamén participa na defensa da República como debuxante e publica os álbums *Atila en Galicia* e *Galicia Mártir*. Após a guerra, Arturo Souto vive o exilio en lugares como a Habana, Nova York ou México. En 1955 participa cunha ilustración no poemario *Pranto matricial*, de Valentín Paz Andrade. Falece no exilio cando preparaba o seu retorno.

Souto pertenceu ao grupo dos Renovadores ou dos Novos, que renovaron as artes plásticas galegas baixo a influencia das vangardas e sen romper coa tradición. Dese grupo tamén sufrirán o exilio Laxeiro, Maruja Mallo ou Colmeiro. Un renovador foi o marinense Manuel Torres, que viviu o exiliou interior, e que tamén participou cunha ilustración para o *Pranto matricial*. A portada dese libro deseñouna outro renovador, Luís Seoane, que tamén participa da campaña de propaganda republicana e retrata a reposición do crucifixo nas escolas.

Esa xigante palabra, exilio, acubilla outras, como ausencia e impotencia. Ante as cales **a imaxinación é fundamental**. A ela recorrerán dous vellos colegas, Castelao e Seoane. Así, se Castelao desde Buenos Aires é quen de cantar coa imaxinación “os ollos na ría que durme antre veigas e florestas” e ensoña “mundos de absoluta felicidade”, Seoane no seu libro *Fardel do eisilado* imaxina tamén que desde a cuberta de terceira do seu barco “*Highland Princess vexo a túa costa, Galiza. As rochas sobervas do bruante, aceirado Finisterre*”, aínda que el o que sente é impotencia, e “*escoito as voces amaldizoadas dos teus carceiros e as gargalladas asesiñas dos teus verdugos*”.

Nunha carta de **Valentín Paz-Andrade** a Castelao en 1949 este dille desde o seu exilio interior que “*Galicia sigue espiritualmente encollida, somentes na pintura amosa valores novos, de verdadeiro contido*”, e ponlle de exemplo a Laxeiro, aínda que tamén di que a súa maneira de ser é “*un tanto trangalleira*”, no campo das letras non ten fe que

*en moitos anos poida Galicia erguer a testa. Os xornais, as emisoras de radio e canto eiquí atopa difusión, propenso a desgaleguizar e a secar as fontes do espírito.*

Tamén lle comenta que irá a Buenos Aires. Castelao, xa consciente do alcance da súa doenza, recibe a nova emocionado, e escribe unha carta que non chega a enviar,

*[...] dende que o soupen estou esperando por ti coma quen espera ver un segundo miragre, pois miragre me pareceu o ver eiquí a Ramón (Otero Pedrayo)*



*[...] De todos xeitos máis doado me parece que nos vexamos eiquí a que nos vexamos ahí, porque eu perdín os remos...*

Por desgraza, eses dous amigos non chegan a verse de novo. Acabamos a parada cuns versos desa sentida despedida de Valentín a Daniel que é o *Pranto matricial*,

*Chora, terra, teu pranto matricial.  
O que todo galego choraría,  
se inda chorar pudiera,  
até cubrir de bágoas o mare.*

Mencionamos dúas veces exilio interior e mencionáremolo de novo, aclaramos que é a exclusión o illamento social ou ás renuncias á que se ven sometidas persoas que non chegan a exiliarse fisicamente por unha ou outra razón.

Vaiamos agora á segunda e última vivenda pontevedresa de Virxinia Pereira e Castelao, na rúa Oliva.



#### 4. Casa de Castelao e Virxinia. Rúa Oliva, 8.

En xullo de 1936, **Virxinia Pereira** e **Castelao** vivían no 1º dereita do nº 4 desta rúa, aínda que existe certa confusión porque tamén se indicou o 8, ou 4-6 ou mesmo 6-8, talvez a numeración das casas foi mudando co tempo.

En xullo, Virxinia e Castelao estaban en Madrid, onde asistiron á entrega do estatuto de autonomía galego nas Cortes. Ante o alzamento militar por precaución non retornan, e Castelao recoméndalle a Ánxel Casal e a María Miramontes que tampouco o fagan, mais, por desgraza, non lle fan caso. Castelao cando saíra elixido nas eleccións de febreiro xa temía que algo pasaría e así llo dixera a Javier Sánchez Cantón por carta, “*Estou como as galiñas cando ventan eclipse*” e xa en xuño dille a Otero Pedrayo que “*Esto vai mal. Cada día peor. Non se sabe o que vai pasar. Eu teño medo*” e “*¡Quén me dera na miña casa de Pontevedra, a soñar e a traballar!*”.

Castelao nunca volveu a Pontevedra, Virxinia faino en 1962, por tanto, a súa casa ficou tal e como a deixaran, con case todas as súas cousas nela. Os golpistas requisáronlles as propiedades como cobro da multa que se prevía impor a Castelao. Inventariouse todo o requisado, mesmo uns calzóns. Clemencia, a irmá de Virxinia, que vivía con eles nese tempo, tentou salvar algunhas cousas aludindo que eran dela. Once cadros que depositara Castelao no Museo de Pontevedra foron adxudicados ao goberno franquista, aínda que os deixaron estar alí despois de taxalos. Os libros peregrinaron do museo á biblioteca pública, para volveren ao museo, algúns perdéndose polo camiño. En todo caso, no limiar d’*As cruces de pedra na Galiza* Castelao asegura que:

*A boa fada que soubo gardarme de todo mal, quixo tamén salvar os meus deseños e unha gran parte das notas: papeis que se fixeron vellos e aburados de tanto andaren por pousadas distintas.*

Despois de pasar por Valencia e visitar a URSS, inicia en 1939 un exilio longo e diverso, foi “*coa vida a costas, por camiños que endexamais coidei percorrer*”. Pasa primeiro un tempo nos Estados Unidos, afincado en Nova York. Desde alí visita Cuba e en 1940 marchará definitivamente para Buenos Aires,

*Hai tres días que lle dixen adeus á estatua da Liberdade. Alá ficou a vella matrona co seu ice cream cone na man, é ogallá que algún día poida vela con máis simpatía.*



No *Sempre en Galiza* constata como no ano 42

*O desterro vai idealizando mainamente as miñas noións de Patria, e hai intres en que xa non sei se Galiza existe na realidade ou sóio latexa no meu corazón.*

Nesa estancia en Buenos Aires hai unha paréntese entre 1946 e 1947, cando é nomeado ministro do goberno da República no exilio e vai para París. De Francia retorna decepcionado e enfermo á Arxentina, a súa “Galiza ideal”. Desde alí continúa unha actividade incesante a nivel político e artístico.

Despidámonos del coa última frase da súa famosa carta “Meu Pontevedra”, dándolle a razón,

*Alí sinto como en ningures, a necesidade cósmica da patria e sei que son un anaquiño de eternidade galega.*

Continuemos na nosa viaxe imaxinaria dando pulos no tempo e andemos agora só uns pasos, até a antiga farmacia Maqueira.



## 5. Farmacia Maquieira e librería Cao. Rúa Peregrina, 1 e Peregrina, 3.

Os camiños do exilio son inescrutábeis, aínda que ás veces foron documentados a nivel literario. Por exemplo, na novela *Los que se fueron*, da compostelá **Concha Castroviejo**, talvez a primeira publicada no Estado español sobre o éxodo republicano, onde describe a saída polos Pireneos, os campos de concentración franceses ou a chegada a México. O paso a Francia narra tamén **María Tobío** nas súas memorias *Anacos da vida dunha muller galega*. As vidas de María e de Concha percorren carreiros similares, e como outras persoas exiliadas: pasan por Valencia, onde Concha reencontra a Ricardo Carvalho Calero, e este a Castelao e Virxinia, ambas pasan a Francia e se exilian en México, como farán Arturo Souto ou Ramón de Valenzuela.

Ese paso a América é unha das características da maior parte do exilio galego, que procuraba a hospitalidade das colectividades galegas da emigración. O Uruguai foi o destino de **Joaquín Maquieira**, á súa familia pertencía a farmacia que había aquí. Maquieira foi presidente da Deputación e militou en Izquierda Republicana. Estivo preso no campo de concentración da Illa de San Simón, foi multado e desterrado e acabou no exilio en Montevideo, onde faleceu.

Nesta botica había, antes do golpe de Estado, un faladoiro, como o do **café Méndez Núñez**, case en fronte, e tamén era lugar de encontro dos membros do **Club Karepas**, club de remo onde a misión era pasalo ben. En ambos participaron esquerdistas e nacionalistas galegos ou futuros gardas cívicos e falanxistas. Aquí chegaba a correspondencia da **loxa Helenes 7** da que Maquieira era venerábel mestre masón. Na botica cobrábanse tamén os recibos e inscricións do Seminario de Estudos Galegos e nela naceu a idea da **Coral Polifónica**. Este era un verdadeiro centro social até o 36.

Outro masón foi **Manuel Portela Valladares**, único pontevedrés presidente do goberno do Estado en democracia. A súa historia é intensa, e para quen queira afondar nela, recomendamos o seu libro *Memorias*. Foi Portela un dobre exiliado, primeiro dun bando e despois do outro. O 18 de xullo de 1936 estaba en Barcelona e fuxiu a Niza, refuxio de dereitistas fuxidos do bando republicano, ao parecer disfrazado de sufraxista inglesa. Este recurso é máis coñecido por Antón Alonso Ríos e o seu disface de esmoleiro. As súas aventuras cóntaas no libro *O señor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte*. Sae por Portugal, recurso habitual, e exíliase en Buenos Aires.

Portela foxe porque é declarado desafecto á República polas súas críticas, ao mesmo tempo, o franquismo rexéitao por dar lexitimidade á vitoria do Frente Popular cando era presidente. Estaba no centro e acusábano de liberal histórico, capitalista e masón.



A muller apoia o franquismo e abandónao, el vai para Valencia e apoia a República. Coa derrota, acaba de novo en Francia, onde administra o Servizo de Evacuación dos Refuxiados Españois. É asaltado, detido e abusado pola policía francesa e tamén interrogado pola Gestapo durante a ocupación. Aínda así, mantén a súa actividade e apoiará o Consello de Galiza que preside Castelao, quen o visita en 1946 e con quen sempre mantivo boa relación. Deixará parte dos seus bens ao Museo de Pontevedra.

Dobremente exiliado en Francia, é unha excepción e non vai para América, aínda que ten ofertas para dar conferencias en Buenos Aires. Da primeira estancia en Niza, en teoría fuxindo da República, conta:

*Pequeñas puñaladas agriaban el enojo de los días nicenses. Una tarde en el afé el mozo me trae un papel de parte de «un señor». Decía: «Portela, masón, miserable y asesino, no escaparás.» Después, en Marsella, un muñeco estilizado en una horca; debajo ponía: «Portela Valladares.» (...) Luego, paseando por la playa (...) un afamado futbolista también me agrade de palabra, estando en nada que no le costara bien cara la insolencia. Pero ¿qué pasa en ese paraíso fascista que tales bestezuelas salen de él?*

Antes da avanzar, non podemos deixar de mencionar a **librería Cao**, da familia Carrasco, no nº 3 desta praza, onde, á parte de ter un faladoiro, podían comprarse libros prohibidos, algúns dos cales chegaban das Canarias agochados entre as bananas. De vez en cando aparecían pintadas chamándolles *rojos*, algo no que os Carrasco estaban de acordo. Pechou o ano pasado xa noutra localización.

Avancemos agora até a casa de Josefina e Bibiano, en Benito Corbal.



## 6. Casa de Josefina e Bibiano e Garda Cívica. Rúa Benito Corbal, 13.

Xa mencionamos varias veces a **Bibiano Fernández Ossorio-Tafall**, que foi alcalde de Pontevedra, presidente da Deputación e deputado nacional. Presidira tamén en 1932 a Asemblea de Municipios para discutir e redactar o proxecto de Estatuto de Autonomía.

Bibiano vivirá o exilio, ao contrario que a súa muller **Josefina Arruti**, que vivirá un moi duro exilio interior. No momento do alzamento vivían en Madrid porque Bibiano traballaba no Ministerio de Gobernación. A primeiros de xullo Josefina volve cos fillos a Pontevedra pola doenza dun fillo que ficara coa avoa. Bibiano non pode vir con eles e o 18 de xullo está en Madrid. Fican separados. A súa historia nárrea o libro *Vémonos mañá* (Xerais, 2023) de Xosé Monteagudo. Nela cóntase que o 20 de xullo Bibiano

*recibiu unha chamada do gobernador Acosta comunicándolle con poucas palabras que tiñan os militares fronte ao edificio do Goberno Civil de Pontevedra, apuntándoos con dúas pezas de artillería e que se ían render de inmediato para evitar calquera derramamento de sangue.*

Houbo un intento de reunificación familiar que non prosperou, así como un falido reencontro en Lisboa anos despois. Bibiano, entre tanto, loitará no bando republicano e exiliarase primeiro en Francia e despois en Santo Domingo e México. Xubilarase como subsecretario xeral da ONU. No exilio formará unha nova familia. A historia de Josefina é outra, moi dura. Pasa 18 meses no cárcere a pesar de non ser xulgada. Despois pasará a arresto domiciliario, como narra Xosé Monteagudo

*(...) a camioneta detívose diante do cuartel da Garda Cívica, os paramilitares franquistas que tiñan o seu centro de operacións na cidade, xustamente no baixo do edificio onde ela vivía. Fixeron descender os catro prisioneiros e aos tres homes leváronos dentro do cuartel. Cando se dispoñía a seguir os seus pasos, a Josefina díxéronlle que non. -Vostede queda baixo arresto domiciliario -informouna un dos gardas civís-. A partir de hoxe non pode saír á rúa. E os seus fillos tampouco.*

Josefina inspirou esta banda deseñada, Os berros da motocicleta, de Kiko Da Silva e Pablo Prado, onde se conta que

*En toda Pontevedra había varias casas con vixilancia permanente: a da familia do gobernador de Biscaia, Tomé Echevarría, na rúa da oliva, e a de Josefina en Benito Corbal. Tiñano ben fácil: no baixo estaba a garda cívica, e no local do lado a garda civil.*



A isto poderíamos engadir que no nº 15 estaba unha sede da Sección Feminina da Falange! Aínda que nunca se volveron ver, Josefina permitiu que Bibiano fose enterrado no panteón familiar do cemiterio de Santo Amaro, o cal xa cedera para enterrar represaliados asasinados no 36. Non nos dá para afondar máis na historia de Bibiano e Josefina, pero recomendamos a lectura das dúas obras citadas.

Aproveitamos tamén para relembra-los outra parella que, como Bibiano, foron para o exilio mexicano e que protagonizan unha obra literaria, a máis traducida da nosa literatura, *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, que se inspirou na vida de **Francisco Comesaña Rendo** e de **Ascensión, Choncha, Concheiro García**, autora ela das memorias, *Los recuerdos que llenan mi vida*. Tamén en México se exiliou a escritora coruñesa **Syra Alonso** cos fillos, tras o asasinato do marido, o pintor **Francisco Miguel**. Syra escribirá uns coñecidos diarios, onde dirá que

*Refugiado suena a muchas gentes como “lapa” [...], un molusco que se agarra con fuerza a las peñas, generalmente se encuentran en los sitios que el mar bate fuerte...*

Ante isto di que é mellor “*recibir el golpe y hacerse duros*”.

Avancemos até a Igrexa de San Francisco, a nosa penúltima parada.



## 7. Igrexa de San Francisco.

Esta igrexa apareceunos de forma recursiva na nosa investigación. Aquí, por exemplo, lembra Xosé Sesto como viu pintar por primeira vez a Castelao e como participou con el, con Maqueira, Losada Diéguez ou Bóveda na Sociedade Coral Polifónica, que se presentou nesta igrexa. Sesto, desde o exilio venezolano, visitará a cidade coa imaxinación, como Castelao, e dirá que *“Íría pra voltar a cantar, un máis, na Polifónica”*.

Nos ensaios da Sociedade Coral coñecéronse o futuro matrimonio **Bóveda e Amalia Álvarez Gallego**. Ela sufrirá o exilio interior. Para contar a súa historia, o irmán de Amalia, **Xerardo Álvarez Gallego** escribirá o libro *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, con prólogo de Xosé Sesto. Xerardo é outro dos nosos exiliados. Naquel fatídico xullo, foxe a Compostela, onde o agocha o médico Ramón Baltar, que lle venda a cabeza simulando unha operación e así logra pasar a Portugal. O noso terceiro disfrace! Exíliase en Cuba. Tenta retornar varias veces, sen éxito, e falece exiliado en Miami.

En 1956 Xerardo é un dos asistentes en Buenos Aires ao Primeiro Congreso da Emigración Galega. El está sentado de segundo pola esquerda. Nela recoñecemos protagonistas deste paseo, como Laxeiro, ao lado de Rafael Dieste. De pé, á esquerda, están Francisco Comesaña Rendo, Ramón de Valenzuela, Lois Tobío e Blanco-Amor; este é Luís Seoane e destacamos, por último, a Xosé Núñez Búa e a Mariví Villaverde, a muller de Ramón de Valenzuela, que protagonizan a última parada.

**Núñez Búa** fora secretario de Propaganda do Partido Galeguista e vicepresidente da Deputación de Pontevedra en 1936. Ao comezo da Guerra Civil, Valentín Paz-Andrade axúdao a cruzar a fronteira de Portugal e exíliase en Buenos Aires, onde falecerá. Alí escribe un libro de anécdotas, moitas pontevedresas, *Revoeira* (1971). Na introdución descóbrese como outro soñador, e, como Castelao, como Seoane, tamén imaxina que

*Chega a alma ós lugares percorridos na mocidade. Gozados e padecidos: amados... Neles, vivas, as imaxes de mestres, de amigos, de irmáns nas ideas: a súa verba, o seu alento, os seus brazos...*

*Nos camiños que ando nesta outra banda do mar, a cada paso unha revoeira de lembranzas da Terra.*

O pontevedrés **Sebastián González García-Paz**, membro, como moitos dos citados, do Seminario de Estudos Galegos, das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, exiliouse en Porto Rico. Del fala o seu sobriño, o médico e político Tuco Cerviño no libro de memorias *Un taxi verde e un concerto* (2023). Lémbrao como xovial nas súas visitas a Pontevedra e que gustaba de *“beber viño e comer tortilla de*



patacas con nós e cos amigos en Solla o Vello, en Poio Pequeno”. Do 19 de xullo do 36 conta que o seu tío estaba en Pontevedra e que

*Permaneceu na casa da súa nai, con Daría e mamá Pilar, mentres mobilizaban a Coca, ata febreiro ou marzo, cando saíu con pasaporte pola fronteira portuguesa. Estando a avoa en Porto Rico tivo un infarto de miocardio que atribuíu ao medo que pasara eses meses, cando pola noite paraba un coche diante da casa, ou se mantiña ao ralentí. Non sei se ten que ver con isto, pero a min sempre me inquietaron os coches ao ralentí na noite diante da fiestra do meu cuarto en Sagasta, que era o que ocupara o tío.*

Por certo, en San Francisco, oficiáronse as misas gregorianas por Alexandre Bóveda tres días despois do seu fusilamento e a misa por Castelao catorce anos despois.

Vaiamos agora para a última das paradas, ao local do Partido Galeguista, na rúa Tetuán número 2.



## 8. Local do Partido Galeguista, xuventudes e A Nosa Terra. Rúa Tetuán, 2.

No primeiro andar deste número 2, estaba o local do Partido Galeguista nos anos 30. Era tamén a redacción d'A Nosa Terra e o local da Federación de Mocidades Galeguistas. Nesas mocidades militaba **Ramón de Valenzuela** cando chegou a Pontevedra para estudar na Escola Normal en 1933. Á parte de pola súa militancia, habería quen o coñecese co pseudónimo de Pepe dos Cestos, que utilizaba para narrar contos populares en Radio Pontevedra.

En agosto de 1936, Ramón foi encarcerado, aínda que sae libre grazas a un familiar. A súa vida a partir dese momento cóntanola na novela autobiográfica, *Non agardei por ninguén* (1957), como cando ingresa no exército sublevado e o envían a Pontevedra,

*O día que me deron o uniforme, saín á rúa e andei Pontevedra dunha beira á outra. Notei que moitos se estrañaban de me ver, pero eu sentíame protexido pola indumentaria e miraba de arriba abaixo aos falanxistas coñecidos que se me cruzaban no camiño. Aínda me sentei a tomar café onde o tomaba sempre denantes da revolta. No café non estaba ningún dos meus vellos tertulianos, pero eu senteime o mesmo.*

O seu obxectivo era pasar ao bando republicano, o cal logra e incorpórase na división de Enrique Líster. O primeiro que fai é falar co seu Comandante,

*- Quero avisar a Castelao -pedinlle-. Quixera que o avisasen hoxe mesmo.  
-Redacta un telegrama -contestoume ao mesmo tempo que me daba pluma e papel.  
Senteime a carón dunha mesa e escribín: "Chamei por todos, non agardei por ninguén".*

En 1980 publica *Era tempo de apandar*, onde narra a súa vida posterior. Perdida a guerra, exíliase en Francia, onde coñece a **Mariví Villaverde**. Ramón será entregado pola Gestapo á policía franquista e pasará uns anos no cárcere. Ao saír, casa con Mariví e pasan cinco anos en Galiza. Mariví nas súas memorias, *Tres tempos e a esperanza*, conta que

*vivín case cinco anos naquela Galicia orfa de liberdade, de xustiza, de cultura. Chea, por outra banda, de represión, de fame, de anguria, de medo. Sentínme autenticamente exiliada por primeira vez.*

Escribe tamén as palabras dun veciño que describe o país,



*- Este é un país de fuxidos – adoitaba dicirnos-; todos tratan de fuxir como poden da realidade. Uns apampan co fútbol, que é o circo da era actual; outros maréanse coa febre dos negocios. Algúns escriben versos floridos ou historias lendarias ou illanse de todo e de todos. Cada un elixe o seu sistema, pero conducen ao mesmo fin: non pensar, non ver, non sufrir (...)*

É neste contexto que en 1949 marchan para Buenos Aires. Da Arxentina foxen en 1966 debido, de novo, a un golpe de Estado e instálanse en Madrid.

O seu caso confirma o que intuíamos desde o comezo da investigación: cada exilio é diferente e que o golpe de Estado, a guerra e a ditadura caeron como unha lousa sobre todo o territorio: quen non ficou baixo o seu peso implacábel, saíu como puido en diferentes direccións, con sorte diversa, en ocasións retornando, outras non. Vimos tamén como a literatura exerce tanto de divulgadora e salvagarda da memoria como de desabafo ou mesmo como intento de aceptación ou comprensión.

Nós **detemos o tempo en 1950, co falecemento de Castelao**, ano de inflexión: xa non se ve posíbel a intervención aliada contra Franco, co cal o exilio pode prolongarse moito máis, e, a nivel interno, tómase a iniciativa de crear a editorial Galaxia. O exilio gaña novas dimensións nos anos 60 e 70, afectando xeracións que non viviron a guerra.

Despedimos xa esta humilde achega que oxalá vos dera pistas para coñecerdes algo máis desas palabras xigantes: exilio, literatura e Pontevedra, á cal nós xuntamos a imaxinación, como Castelao, que dicía en *Sempre en Galiza* aquilo de que

*A miña imaxinación anda por Galiza, en festa de saudades”  
e, como el termina ese libro, dicimos con esperanza o de  
“En fin; abonda por hoxe. Mañán será outro día.*

Grazas a el, por ser o noso guía espiritual deste paseo e a vós por estar aí, oxalá teñades disfrutado do paseo.



**Concello  
de Pontevedra**